



ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2020. (CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:01 horas** do día **4 de setembro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela (presente no salón de sesións)
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández (presente no salón de sesións)



BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste a concelleira Dona Navia Rivas de Castro.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

1. Toma de posesión do/a concelleiro/a Don Xan Xesús Duro Fernández e Dona María Rozas Pérez.

2. Renuncia da concelleira Dona Noa Susana Díaz Varela.

3. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción de acordos.

4. Ratificación inclusión na orde do día.

Proposta de modificación do réxime dedicacións exclusivas.

5. Ratificación inclusión na orde do día

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-04, por importe 100.000,00 euros.

6. Ratificación inclusión na orde do día

Solicitud de compatibilidade Persoal Eventual.

Cumpriméntase así:

1. TOMA DE POSESIÓN DO/A CONCELEIRO/A DON XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ E DONA MARÍA ROZAS PÉREZ.

Preséntanse no salón de sesións Dona María Rozas Pérez e Don Xan Xesús Duro Fernández, acreditados da recepción das credenciais de concelleira e concelleiro expedidas pola Xunta Electoral Central, así como as declaracións cumprimentadas do rexistro de intereses e as causas de posíbel incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos do Concello de Santiago de

Compostela, e proceden a prometer cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira e concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do cargo de concelleira e concelleiro deste concello, Dona María Rozas Pérez e Don Xan Xesús Duro Fernández.

2. RENUNCIA DA CONCELLEIRA DONA NOA SUSANA DÍAZ VARELA.

Dáse conta do escrito presentado o día 7 de agosto do corrente ano, número de rexistro 27578 de renuncia ao cargo de concelleira de Dona Noa Susana Díaz Varela, pertencente ao grupo municipal do PSdeG-PSOE, quedando o Pleno da Corporación coñecedor do mesmo.

3. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DE ACORDOS.

Os asistentes á sesión acordan por unanimidade a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

4. RATIFICACIÓN INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS.

Á vista do escrito presentado polo grupo municipal de Compostela Aberta con data 27 de agosto do corrente ano e co fin de que as tres dedicacións parciais asignadas ao seu grupo poidan ser transformadas en catro dedicacións parciais e despois de ser ratificada a inclusión do punto na orde do día da sesión, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda que o grupo municipal de Compostela Aberta teña catro medias dedicacións cun máximo de 16 horas/semanais tres delas e 15 horas/semanais a outra, equiparándose a efectos retributivos aos funcionarios municipais do grupo A1, nivel 26.

5. RATIFICACIÓN INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO CO NÚMERO 2020- SUPLE-04, POR IMPORTE 100.000,00 EUROS.

O informe proposta da oficina de orzamentos (Ref. 51/2020), de data 31 de agosto do corrente ano, que ven co conforme da concelleira delegada de economía e facenda, ten o seguinte contido:

“ I. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12, 13 e 33 de Execución do Orzamento do exercicio 2020.

II. DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO EXPEDIENTE

Informe proposta da técnica responsable da área de Promoción Económica de data 28 de agosto de 2020.

Proposta da Alcaldía e do concelleiro responsable de Presidencia, Relacións institucionais e Turismo de data 28 de agosto de 2020.

Escrito de data 26 de agosto de 2020 do conselleiro delegado da Sociedade para a Promoción De Iniciativas Empresariais Innovadoras SL (UNINOVA) comunicando o importe da achega socio correspondente ao Concello de Santiago de Compostela, por importe de 49.000€.

Operación RC que financia o suplemento de crédito con número de operación 220200015857 e número de referencia 22020005415.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A presente proposta, que consta de dous acordos a adoptar, de suplemento de crédito e de modificación da base 33.2 baséase no informe proposta da técnica responsable da área de Promoción Económica e na proposta da Alcaldía, ambas de data 27 de agosto de 2020, que forman parte deste expediente:

1º.- Na base 33.2 das bases de execución do orzamento relaciónanse os beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020. Nela inclúese unha subvención nominativa a favor da Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Santiago por un importe de 50.000,00 euros, nos seguintes termos:

"Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACION DE SANTIAGO	Q1573004G	50.000,00	010-43300-4890000	Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás

"Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
				persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal"

Segundo o establecido no informe proposta de promoción económica que serve de base a este expediente, preténdese incrementar a consignación inicial prevista a esta entidade beneficiaria na base 33.2 das bases de execución do exercicio 2020, para a mesma finalidade, pasando dun importe máximo inicial 50.000,00 euros a 100.000,00 euros habilitando, para elo, crédito a través dunha proposta de suplemento de crédito de 50.000,00 euros que se financia con baixas por anulación dunha aplicación do mesmo centro xestor 34 – 010 43300 4490000 –. Esta aplicación consigna crédito no orzamento actual para atender, en termos de importe máximo, o compromiso de achega do Concello á entidade mercantil Sociedade para a Promoción De Iniciativas Empresariais Innovadoras SL (UNINOVA), da cal o Concello posúe o 49% das accións. Segundo se desprende do propio informe proposta e da documentación que se achega, pode minorarse xa que o importe máximo que quedaría na aplicación garante o compromiso que ten que asumir o Concello coa entidade neste ano.

O outro destino deste suplemento de crédito, por importe de 50.000€, pretende incrementar crédito en dúas aplicacións orzamentarias que se crearon no capítulo 4 e 7 (de transferencias correntes e de capital para empresas privadas) do orzamento 2020 no CX 33 Promoción Turística -070 43200 4790000 e 070 43200 7700000- e que foron obxecto dun crédito extraordinario por importe, cadansúa delas, de 50.000€ (2020-CREXT-05) coa finalidade de atender á vontade do goberno municipal, no contexto da nova situación sanitaria e económica xerada pola pandemia da COVID-19, da posta en marcha do Plan Marco de Reactivación do Turismo (aprobado en Xunta de Goberno Local de 29 de abril 2020). En base a este acordo aprobouse na Xunta de Goberno Local do día 8 de xuño de 2020 a "convocatoria de axudas a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá Plan de reactivación do sector turístico covid-19". O centro xestor propón complementar o crédito previsto para a convocatoria motivándose nas numerosas solicitudes e na necesidade urxente das adaptacións a realizar, fundamentais, entende o departamento xestor, para a reapertura dos locais afectados, motivo polo cal manifestan ser de carácter extraordinario e imposibles de adiar ao exercicio 2021. Cada unha das aplicacións incrementaríase en 25.000€.

Como recurso que financia este suplemento de crédito, o artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos (RD 500/90 de aquí en diante), sinala que os suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de suplemento de crédito finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible non comprometido por importe 100.000,00 euros no orzamento do exercicio 2020 na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000 que recolle crédito no orzamento actual para atender, en termos de importe máximo, o compromiso de achega do Concello á entidade mercantil Sociedade para a Promoción De Iniciativas Empresariais Innovadoras SL (UNINOVA) e, segundo se desprende do propio informe proposta e da documentación que se achega, pode minorarse xa que o importe máximo que quedaría na aplicación unha vez minorada garante o compromiso que ten que asumir o Concello coa entidade neste ano, que a empresa concretou en 49.000€ mediante escrito do conselleiro delegado de data 26 de agosto de 2020.

Neste sentido, fíxose unha operación contable RC co número de operación 220200015857 e número de referencia 22020005415, e, segundo se establece no propio informe proposta, esta minoración non producirá deterioro no resto dos servizos que se están a prestar no propio departamento.

Analizada a memoria xustificativa proposta polo departamento de Promoción Económica que da soporte á solicitude de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2020-SUPLE-04, segundo opinión da oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte, baseándose na extraordinaria e apremiante situación económica derivada da crise sanitaria provocada pola COVID-19.

No relativo á modalidade de modificativo proposta –suplemento de crédito financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O suplemento de crédito financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar –baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas –nas que se dota o crédito nos capítulos 4 e 7 de gasto e nas que se declara a baixa no capítulo 4 de gastos- pertencen a capítulos de

gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

O detalle da modificación orzamentaria proposta é o seguinte:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN								
DESCRCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo	TIPO MC	DESCRCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO		Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo	
Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Cámara Oficial de Comercio Industria y Navegación de Santiago"	010	43300	4890000	118.000,00	50.000,00	168.000,00	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000	010	43300	4490000	190.000,00	100.000,00	90.000,00
Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá	070	43200	4790000	50.000,00	25.000,00	75.000,00								
Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá	070	43200	7700000	50.000,00	25.000,00	75.000,00								
						100.000,00						100.000,00		

2º.- Unha vez aprobado o modificativo anterior, e se habilite crédito na aplicación orzamentaria que recolle o importe da subvención nominativa que se pretende aumentar, tense que acordar a modificación da base 33.2 de execución do orzamento 2020 no sentido de reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

"Entidade beneficiaria"	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACION DE SANTIAGO	Q1573004G	100.000,00€	010-43300-4890000	Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal"

No que atinxe ao procedemento indicar que a modificación das bases de execución, en tanto que integrantes do contido do orzamento consonte os artigos 165.1 do TRLFL e 9 do RD 500/1990, precisa dos mesmos trámites que a aprobación deste último previstos no artigo 169 do TRLFL. Igual acontece coa parte da proposta de acordo relativo ao suplemento de crédito.

Aprobada a modificación inicialmente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles nos que os interesado poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que xulguen oportunas. A modificación entenderase definitivamente aprobada se no antedito prazo non se presentaran reclamacións, do contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

IV. PROPOSTA

De conformidade co antedito propónse que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local eleve á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, en relación á seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-04 con base ao contido do recollido no informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de **CEN MIL EUROS (100.000,00 euros)**, financiado con baixas por anulación cos obxectos de:

I. Incrementar en 50.000€ o importe máximo da subvención nominativa concedida a favor da entidade beneficiaria “CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO” co NIF de beneficiario “Q1573004G “ e obxecto “Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal”.

II. Incrementar o crédito existente nas aplicacións 070 43200 4790000 (incremento de 25.000€) e 070 43200 7700000 (incremento de 25.000€) destinado á “convocatoria de axudas a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá Plan de reactivación do sector turístico covid-19” para atender ás numerosas solicitudes recibidas. Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						
DESCRICIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Cámara Oficial de Comercio Industria y Navegación de Santiago"	010	43300	4890000	118.000,00	50.000,00	168.000,00
Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá	070	43200	4790000	50.000,00	25.000,00	75.000,00
Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá	070	43200	7700000	50.000,00	25.000,00	75.000,00
					100.000,00	

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
	010	43300	4490000			
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000	010	43300	4490000	190.000,00	100.000,00	90.000,00

Baixas por anulación: **100.000,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	
2.- Total suplemento de crédito	100.000,00 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	100.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

Segundo.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de aumentar en 50.000,00 euros o importe máximo da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria “CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO” co NIF de beneficiario “Q1573004G “ e obxecto “Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal” a un novo importe máximo anual de 100.000,00 euros para este mesmo exercicio.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

“Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACION DE SANTIAGO	Q1573004G	100.000,00€	010-43300-4890000	Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal”

Esta proposta de modificación da base 33.2 das BEO 2020 está suxeita á condición de que se aprrobe e entre en vigor o expediente de suplemento de crédito 2020-SUPLE-04 proposto no apartado primeiro.

Terceiro.- Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990.

Cuarto.- Estes acordos de suplemento de crédito 2020-SUPLE-04 e de modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento 2020 entenderanse definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.”

Á vista do informe-proposta transcrito, acordo da Xunta de Goberno do pasado día 2, e despois de ser ratificada a inclusión do punto na orde do día da sesión, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2020-SUPLE-04 con base ao contido do recollido no informe proposta que forma parte do expediente, por un monto total de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), financiado con baixas por anulación cos obxectos de:

I. Incrementar en 50.000€ o importe máximo da subvención nominativa concedida a favor da entidade beneficiaria “CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO” co NIF de beneficiario “Q1573004G “ e obxecto “Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal”.

II. Incrementar o crédito existente nas aplicacións 070 43200 4790000 (incremento de 25.000€) e 070 43200 7700000 (incremento de 25.000€) destinado á “convocatoria de axudas a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá Plan de reactivación do sector turístico covid-19” para atender ás numerosas solicitudes recibidas. Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO						
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Aumento do importe da subvención nominativa concedida á entidade "Cámara Oficial de Comercio Industria y Navegación de Santiago"	010	43300	4890000	118.000,00	50.000,00	168.000,00
Axudas para gasto corrente para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá	070	43200	4790000	50.000,00	25.000,00	75.000,00
Axudas para gasto en investimento para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá	070	43200	7700000	50.000,00	25.000,00	75.000,00
					100.000,00	

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000	010	43300	4490000	190.000,00	100.000,00	90.000,00

Baixas por anulación: **100.000,00 euros**

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	
2.- Total suplemento de crédito	100.000,00 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	100.000,00 €
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais ...	

Segundo.- Aprobar a modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020 relativo á relación de subvencións nominativas, no sentido de aumentar en 50.000,00 euros o importe máximo da subvención nominativa recollida a favor entidade beneficiaria “CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO” co NIF de beneficiario “Q1573004G “ e obxecto “Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal” a un novo importe máximo anual de 100.000,00 euros para este mesmo exercicio.

Neste sentido, o cadro que recolle na base 33.2 de execución do orzamento 2020 a relación dos beneficiarios, finalidades e importes máximos das subvencións nominativas do exercicio 2020, deberá reflectir o seguinte beneficiario e co seguinte importe:

“Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario	Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y	Q1573004G	100.000,00€	010-43300-4890000	Programas formativos de alta eficacia dirixidos a persoas emprendedoras. Fomentar a cultura do emprendemento no concello

“Entidade beneficiaria	NIF Beneficiario		Importe 2020	Aplicación orzamentaria	Obxecto
NAVEGACION DE SANTIAGO					de Santiago. Apoio servizos de consultaría empresarial ás persoas emprendedoras e ao tecido empresarial municipal”

Esta proposta de modificación da base 33.2 das BEO 2020 está suxeita á condición de que se aprobe e entre en vigor o expediente de suplemento de crédito 2020-SUPLE-04 proposto no apartado primeiro.

Terceiro.- Na tramitación deste expediente seguiranse as mesmas normas sobre información, reclamacións, publicidade e recursos recollidas nos artigos 169 e seguintes do TRLFL, e artigos 18 e seguintes do RD 500/1990.

Cuarto.- Estes acordos de suplemento de crédito 2020-SUPLE-04 e de modificación da base 33.2 das bases de execución do orzamento 2020 entenderanse definitivamente aprobados se no prazo sinalado ao efecto non se presentaran reclamacións.

6. RATIFICACIÓN INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PERSOAL EVENTUAL.

Á vista do escrito presentado por Don Miguel Penas Rodríguez, persoal eventual do grupo municipal de Compostela Aberta no Concello de Santiago de Compostela no que solicita a autorización da compatibilidade como persoal eventual ao servizo do concello coa actividade privada por conta propia, do servizo de consultoría e desenvolvemento de negocios privados entre o 7 de setembro e o 17 de novembro do corrente ano.

O devandita solicitude foi obxecto de informe proposta emitido polo director da área de réxime interior e ven co conforme da concelleira delegada da área de data 2 de setembro do corrente ano.

Despois de ser ratificada a inclusión do punto na orde do día da sesión, e á vista do informe proposta ao que se fixo mención, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda o recoñecemento de compatibilidade a don Miguel Penas Rodríguez para o desempeño dunha segunda actividade privada coa diminución no seu complemento específico ou equivalente, ata situalo no 30% das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, durante os meses de setembro, outubro e novembro do corrente ano, o que supón que o complemento específico que integra o seu complemento salarial nos referidos meses será de 234,41 euros mensuais.



E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 10:29 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández